

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL SANTA COMBA

Exposición pública padróns fiscais contribuíntes ano 2023

EDICTO.-

Exposición pública da aprobación inicial dos padróns fiscais de contribuíntes para o ano 2023.

A alcaldesa, por resolución da alcaldía do día 26 de maio de 2023, resolveu:

Primeiro.- Aprobar inicialmente os padróns fiscais de contribuíntes correspondentes ó exercicio 2023 das taxas que a seguir se relacionan:

- 1.- Taxa por licenza de vaos permanentes.
- 2.- Taxa por subministración de auga, canon de auga e sumidoiro.

Segundo.- Ditos padróns quedan expostos ó público nas oficinas municipais durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte á publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia. Dito anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT).

Durante dito prazo de exposición pública os interesados poderán examinalos e formular perante a alcaldía deste concello, as alegacións que consideren oportunas contra as liquidacións que se notifican. Poderán formular perante a alcaldía deste concello, o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), no prazo DUN MES, contado desde o día seguinte ó da finalización do anteriormente citado período de exposición pública do padrón fiscal. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpor, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES a contar desde o día seguinte ó da notificación da devandita resolución. Se non recaese resolución no prazo DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do TRLRFL, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Terceiro.- A recadación da taxa por licenza de vaos permanentes será realizada pola Deputación Provincial da Coruña, por delegación da Corporación Municipal deste Concello, ó abeiro do disposto no art. 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, nos períodos habituais e previa publicación no BOP, nas datas e lugares establecidos polo servizo competente do organismo provincial.

Cuarto.- Na recadación por taxas de subministración de auga, canon de auga e sumidoiro serán emitidas bimensualmente pola empresa VIAQUA, nas datas e lugares de costume. O prazo de ingreso en período voluntario sería entre o día 15 e 30 do mes seguinte ó período liquidado.

Quinto.- Rematado o prazo de ingreso en voluntaria, declárase a exisibilidade do recargo de prema, de tal xeito que procederá: no caso de que se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario antes da notificación da presente providencia de prema, o recargo será do 5% sobre o principal (recargo executivo), se a débeda non ingresada en período voluntario e o propio recargo se aboa dentro dos prazos sinalados no artigo 62.5 da LXT, o recargo será do 10% (recargo de prema reducido); ou o recargo de prema ordinario, que será do 20% se a débeda non se ingresa no prazo estipulado no artigo 62.5 da LXT.

Con respecto ao canon de auga, a falta de pago no período voluntario sinalado suporá a existencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de apremio pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. Cabe indicar que a repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación (art. 49.7 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais.)

Os expedientes atópanse á disposición dos interesados nas oficinas municipais do Concello.

Santa Comba, 26 de maio de 2023

A alcaldesa

María Josefa Pose Rodríguez